

VI CONCURSO MARÍA BALTEIRA DE CREACIÓNS ARTÍSTICAS PARA A PREVENCIÓN DAS VIOLENCIAS SEXISTAS

A Universidade da Coruña aprobou o Protocolo para a prevención, detección e actuación da UDC ante situacións de violencia de xénero, violencias sexuais, violencias LGTBIfóbicas, discriminación ou acoso sexista ou por razón de sexo, orientación afectivo-sexual, identidade ou expresión de xénero e características sexuais no Consello de Goberno do 20 de decembro de 2023.

Este protocolo dispón que todas as persoas teñen dereito a levar a cabo o seu traballo ou a súa actividade libres de acoso sexual e por razón de sexo, con pleno respecto á súa intimidade e integridade física e moral.

A UDC debe contribuír á prevención da aparición de condutas que poidan considerarse sexistas co fin de garantir esa protección tanto ao persoal traballador como ao alumnado.

Coa elaboración dese protocolo a nosa universidade pretende poñer a disposición de calquera persoa que manteña algún tipo de relación con ela unha ferramenta para a prevención e protección fronte a posibles situacións de acoso sexual, por razón de sexo, por orientación sexual e identidade ou expresión de xénero, garantindo sempre a confidencialidade.

OBXECTIVO DA CONVOCATORIA

A Oficina para a Igualdade de Xénero da UDC, dependente da Vicerrectoría de Igualdade e Diversidade, convoca un concurso coa finalidade de darlle difusión, publicidade e visibilidade ao protocolo ante situacións de acoso da UDC a través do deseño dun cartel, vídeo, podcast, microrrelato ou micropoema.

SOLICITANTES

Poderán presentarse ao certame de xeito individual todas as persoas integrantes da comunidade universitaria da UDC, isto é, PTXAS, PDI, alumnado dos distintos niveis (graos, mestrados, doutoramento, títulos non EEES) e persoal contratado.

BASES DO CONCURSO

1. Información que debe figurar nas propostas

As propostas presentadas deben orientarse á sensibilización, prevención, detección e loita fronte o acoso sexual ou por razón de sexo ou orientación e identidade sexual. A presentación a través da modalidade de cartel terá como finalidade a difusión do “Protocolo para a prevención, detección e actuación da UDC ante situacións de violencia de xénero, violencias sexuais, violencias LGTBIfóbicas, discriminación ou acoso sexista ou por razón de sexo, orientación afectivo-sexual, identidade ou expresión de xénero e características sexuais” da UDC, que se pode atopar na seguinte ligazón:

https://www.udc.gal/gl/oficinaigualdade/protocolo_acoso

2. Requisitos técnicos

As presentacións deben realizarse nos seguintes formatos:

-Cartel: entregarse en formato JPG con 300 ppp.

-Vídeo: terá unha duración máxima de 2 minutos. Admitiranse microvídeos realizados con dispositivos móbiles ou en plataformas dixitais creadas para tal fin (TikTok, Instagram ou similar) sempre que estean libres de publicidade e que contén cos permisos de reprodución e difusión pertinentes.

-Podcast: terá unha duración mínima de 5 minutos e máxima de 10 minutos. Entregarase nun ficheiro en formato MP4.

-Microrrelatos ou micropoemas: a extensión máxima será de 200 palabras. Entregaranse en formato PDF.

FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES

1. Lugar:

A solicitude presentarse **preferentemente** a través do **rexistro electrónico da UDC** cubrindo o formulario na seguinte ligazón:

https://sede.udc.gal/services/telematic_register

Esta solicitude dirixirse a Servizos - Oficina para a Igualdade de Xénero (seleccionando estas opcións no apartado **Destinado a*** do formulario), para o que se precisa dispoñer dun certificado electrónico emitido pola FNMT. Tamén poderán presentarse **presencialmente en calquera dos seguintes rexistros da UDC:**

- Rexistro Xeral: Reitoría, rúa Mestranza 9, 15001 A Coruña.
- Rexistro Auxiliar de Ferrol: Edificio de Apoio ao Estudo, Avenida de Vigo s/n, campus de Esteiro, 15403 Ferrol.

Non se admitirán as solicitudes realizadas a través de correo electrónico.

2. Requisitos de documentación:

Para a inscrición deberase achegar a seguinte documentación:

1. A solicitude ANEXO 1, debidamente cuberta, e nela incluírase a ligazón ao ficheiro correspondente ao cartel, vídeo, podcast, microrrelato ou poema que se presenta ao concurso. No caso de que a solicitude de participación se realice presencialmente, ademais da presentación da solicitude nun dos rexistros da UDC, é necesario que a persoa participante envíe un correo a oficina.igualdade@udc.gal coa indicación dos datos persoais e da ligazón aos ficheiros da creación artística, podéndose compartir a través da plataforma OneDrive ou similar (marcando a opción “calquera persoa” que teña o vínculo/Aplicar/CopiarVínculo).

2. O consentimento para a obtención de datos persoais: captación e difusión de imaxes, **ANEXO 2**, debidamente cuberto e asinado.

3. Fotocopia do DNI

Só se poderá presentar unha solicitude por persoa para cada unha das categorías do premio, de modo que no caso de presentar solicitudes para varias categorías, farase constar esta circunstancia.

Se a solicitude non cumpre todos os requisitos documentais, requiriráselle á persoa interesada para que, nun prazo de cinco días, os emende de conformidade co artigo 68.1 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Considerarase que desiste da solicitude quen non responda en prazo ao devandito requirimento. Para os efectos do requirimento e notificación, a comunicación por correo electrónico considerarase válida, de acordo co artigo 41 da devandita lei.

A UDC resérvase o dereito de poder esixirlles ás persoas seleccionadas aqueles documentos que estime oportunos para acreditar a súa vinculación coa Universidade da Coruña. No caso de que aparezan persoas recoñecibles nos vídeos ou no cartel, deberase acompañar do ANEXO 3 asinado polas devanditas persoas (un por persoa) en que autoricen o uso da súa imaxe, ou, en caso de que as devanditas persoas recoñecibles sexan menores de idade, pola nai, pai ou titor/a da/o menor.

Recoméndase a utilización do idioma galego nas creacións, lingua propia da UDC, que tal como establece o artigo 5.2 dos seus estatutos, constitúe o seu vehículo normal de expresión, debendo fomentarse o seu uso en todas as actividades da universidade.

3. Prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto desde o día da publicación desta convocatoria no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica da UDC, ata o **15 de outubro do 2025**.

As listaxes de admisión provisional e definitiva de participación no concurso publicaranse no taboleiro da sede electrónica, ao que se pode acceder a través da seguinte ligazón:

https://sede.udc.gal/services/electronic_board

NATUREZA E CONTÍA DO PREMIO

Para a concesión destes premios destinarase un total de 1000 € con cargo á partida orzamentaria 1806240973 321A 64008

Os premios para as dúas mellores obras na modalidade de **cartel** consistirán nunha dotación económica de:

- Primeiro premio: 300 €
- Segundo premio: 200 €

Para as modalidades diferentes da anterior: **vídeo, podcast, microrrelato ou poema**, establécese tamén a seguinte dotación económica:

- Primeiro premio: 300 €
- Segundo premio: 200 €

As contías dos premios estarán suxeitos á normativa que rexe os impostos das persoas físicas.

Se algunha das categorías as obras presentadas non acadan a calidade mínima para ser premiadas, o xurado poderá decidir declarar deserto o premio nesa categoría ou acrecentar as categorías restantes.

DEREITOS

A Universidade da Coruña resérvase o dereito de difusión das obras presentadas en publicacións e exposicións relacionadas co concurso e na publicidade sobre o protocolo ao que fai referencia este, sempre facendo mención da autora ou autor, que non perde a propiedade do seu traballo. Ademais das obras premiadas, o xurado poderá escoller un número variable de obras que considere de interese para unha posible exposición virtual na páxina web da Universidade ou nalgunha das súas redes sociais.

O xurado poderá realizar suxestións e peticións de cambios técnicos á persoa gañadora, así como as modificacións que considere precisas para que figuren os logotipos oficiais e para facilitar a súa publicación e difusión.

As obras seleccionadas son propiedade de cada autor/a que só cederán temporalmente os dereitos sobre as imaxes para a exposición que tivese lugar, tras o cal seranlles restituídos.

SELECCIÓN DAS OBRAS PREMIADAS

O xurado encargado da selección das obras premiadas estará composto polas seguintes persoas:

-Presidenta: Cristina López Villar, vicerreitora de Igualdade e Diversidade ou a persoa en quen delegue, PDI da UDC.

-Secretaria: Ana M.^a Neira Pena, directora da Oficina para a Igualdade de Xénero, PDI da UDC.

-Vogais:

-M.^a José Abad López, PDI da UDC.

-Teresa Piñeiro Otero, PDI da UDC.

-Alicia Quintá Carnero, PTXAS da UDC.

-Carolina Núñez Puente, PDI da UDC.

-Isaac Lourido Hermida, PDI da UDC.

A secretaria do xurado actuará con voz pero sen voto. No caso de que a especificidade temática dos traballos o esixa, poderanse nomear persoas expertas que asesoren ao xurado.

O xurado resolverá todas as cuestións non reflectidas nesta convocatoria e que puidesen suscitarse. A súa decisión será firme e inapelable. A resolución que resolva os premios publicárase na Sede Electrónica da UDC

https://sede.udc.gal/services/electronic_board

A participación no concurso comporta a aceptación expresa do contido desta convocatoria.

PROTECCIÓN DE DATOS

As persoas candidatas deben asinar e entregar, xunto coa candidatura, o documento incluído como **ANEXO 2**, de consentimento para a obtención de datos persoais: captación e difusión de imaxes.

ANEXO 1

CONCURSO MARÍA BALTEIRA DE CREACIÓNS ARTÍSTICAS PARA A PREVENCIÓN DAS VIOLENCIAS SEXISTAS NA UDC

Nome:

Apelidos:.....

DNI:

Correo electrónico:.....

Teléfono de contacto:.....

Enderezo postal:.....

Grupo ao que pertence:

PTXAS.....PDI.....Alumnado.....Outros.....

Tipo de obra que se presenta: Cartel.....Vídeo.....Podcast.....Microrrelato.....

Participa noutra categoría do mesmo concurso? Si.....Non.....

Ligazón ao ficheiro onde se atopa a obra presentada ao

concurso

(no caso de presentar a solicitude presencialmente a través dos rexistros da UDC enviarase un correo electrónico a oficina.igualdade@udc.gal indicando datos persoais e ligazón ao ficheiro)

Nota: recomendase compartir o arquivo mediante OneDrive. En OneDrive, prémese co botón dereito dorato sobre o ficheiro que se desexa compartir, selecciónase **Compartir** e, acto seguido, márcase a opción **calquera persoa que teña o vínculo/Aplicar/CopiarVínculo**.

Asinado:.....

ANEXO 2

CONSENTIMIENTO PARA A OBTENCIÓN DE DATOS PERSOAIS: CAPTACIÓN E DIFUSIÓN DE IMAXES

En virtude do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, informamos de que os datos que nos facilite serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son: rúa Mestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981 167 000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal.

Mediante a sinatura do presente documento, autorizo á Universidade da Coruña á **captación de imaxes e/ou voz (fotografías e vídeos) con motivo da participación no acto de entrega do premio CONCURSO MARÍA BALTEIRA DE CREACIÓNS ARTÍSTICAS PARA A PREVENCIÓN DAS VIOLENCIAS SEXISTAS NA UDC**. Así mesmo:

- Autorizo a utilizar os datos tomados **en calquera das contas oficiais das redes sociais da Universidade da Coruña, na súa páxina web, informes internos ou en calquera publicación que esta edite ou publique.**
- Autorizo a que os meus datos sexan cedidos ou comunicados aos **medios de comunicación locais, autonómicos e nacionais (prensa escrita/dixital, tv e radio).**

Os datos trátanse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante un período de seis anos.

En calquera caso, a persoa interesada terá dereito a solicitar á persoa responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao dito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Así mesmo, terá dereito a non ser obxecto de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís.

Tales dereitos poderanse exercer dalgunha das seguintes formas:

- Principalmente, a través do “Formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais”, que se pode cubrir desde a Sede Electrónica da UDC no apartado de “Outros trámites”;
 - Mediante unha solicitude dirixida á persoa responsable de tratamento dos datos (UDC, Secretaría Xeral), ao enderezo:
Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa Mestranza 9, 15001 A Coruña, ou ao correo electrónico rpd@udc.gal; tamén poderá presentarse a solicitude a través do rexistro telemático da Sede Electrónica ou nos rexistros presenciais da UDC.
- Mediante unha solicitude dirixida á delegada de protección de datos, ao mesmo enderezo

postal anteriormente indicado, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal; tamén se poderá presentar a solicitude a través do rexistro telemático desta Sede Electrónica ou nos rexistros presenciais da UDC.

Así mesmo, as persoas interesadas terán dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Nome e sinatura da persoa que autoriza (candidato/a, se é menor de idade nai, pai ou titor/a do candidato/a):

Lugar e data:

ANEXO 3

CONSENTIMIENTO PARA DIFUSIÓN DE IMAXES E/OU VOZ NAS OBRAS PRESENTADAS AO CONCURSO MARÍA BALTEIRA DE CREACIÓNS ARTÍSTICAS PARA A PREVENCIÓN DAS VIOLENCIAS SEXISTAS NA UDC

En virtude do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, informamos de que os datos que nos facilite serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son: rúa Mestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981 167 000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal.

Mediante a sinatura do presente documento, autorizo á Universidade da Coruña a:

- Difundir a obra onde aparece a miña imaxe e/ou voz **en calquera dos seus centros, nas contas oficiais das redes sociais da UDC, na súa páxina web, informes internos ou en calquera publicación que esta edite ou publique.**
- Difundir a obra onde aparece a miña imaxe e/ou voz nos **medios de comunicación locais, autonómicos e nacionais (prensa escrita/dixital, TV e radio).**

Os datos persoais recollidos trátaranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante un período de seis anos.

En calquera caso, a persoa interesada terá dereito a solicitar á persoa responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao dito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Así mesmo, terá dereito a non ser obxecto de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís.

Tales dereitos poderanse exercer dalgunha das seguintes formas:

- Principalmente, a través do “Formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais”, que se pode cubrir desde a Sede Electrónica da UDC no apartado de “Outros trámites”;
- Mediante unha solicitude dirixida á persoa responsable de tratamento dos datos (UDC, Secretaría Xeral), ao enderezo:
Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa Mestranza 9, 15001 A Coruña, ou ao correo electrónico rpd@udc.gal; tamén poderá presentarse a solicitude a través do rexistro telemático desta Sede Electrónica ou nos rexistros presenciais da UDC.
- Mediante unha solicitude dirixida á delegada de protección de datos, ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal; tamén se poderá presentar

a solicitude a través do rexistro telemático da Sede Electrónica ou nos rexistros presenciais da UDC.

Así mesmo, as persoas interesadas terán dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Nome e sinatura da persoa que autoriza (persoa participante, se é menor de idade nai, pai ou titor/a do candidato/a):

Lugar e data: